



## ORIENTACIÓN ACADÉMICA

### MATERIAL PARA ALUMNADO DE 1º DE ESO

#### CURSO: 2018/2019

NO CURSO 2019/20 ...

#### QUE MATERIAS CURSARÁS SE PROMOCIONAS A 2º DE ESO?

Terás que escoller entre ensinanzas de Relixión ou Valores Éticos. A opción de Relixión ou Valores Éticos poderás cambiala en cada curso de ESO.

- XEOGRAFÍA E HISTORIA
- EDUCACIÓN FÍSICA
- MÚSICA
- FÍSICA E QUIMICA
- LINGUA GALEGA E LITERATURA
- LINGUA CASTELÁ E LITERATURA
- PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)
- SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA (FRANCÉS)
- MATEMÁTICAS
- TECNOLOXÍA
- ESCOLLES ENTRE: COMPRENSIÓN LECTORA E EXPRESIÓN ORAL/ PROGRAMACIÓN

**Que se estuda en programación?** O obxectivo da materia é que o alumnado aprenda a programar incorporando unha ferramenta moi útil nestes tempos nos que a tecnoloxía está tan presente en todos os sectores. Dada a idade do alumnado vaise enfocar dende un punto de vista lúdico, empregando unha linguaxe de programación chamada [Scratch](#), especialmente desenvolvida para levar a programación ás aulas. Con el deseñaremos [historias interactivas](#), [animación e xogos](#).

#### COMO É A PROMOCIÓN DE 1º A 2º DE ESO?

- ✓ Se aprobas todo en **xuño**, para o curso que vén estarás en 2º de ESO. NORABOA, PODERÁS DISFRUTAR NO VERÁN!!!! SENTIRASTE MELLOR!!!!
- ✓ Se suspendes algunha materia en xuño, ánimo, terás outra oportunidade en **setembro**. Estórzate e non a desaproveites! É importante non levar materias pendentes (xa sabes que non te libras delas, teralas que recuperar).

En función dos resultados de setembro:



- o PROMOCIONARÁS A 2º SE APROBACHES TODO OU TES UNHA OU DÚAS MATERIAS SUSPENSAS (se non son L Galega e LIT + Matemáticas **ou** L Castelá e LIT. + Matemáticas) .
- o SE TES TRES OU MÁIS SUSPENSAS REPETIRÁS CURSO (se xa estás a repetir, promocionarás por imperativo legal a 2º pero coas materias suspensas).

**OLLO!!!!** SÓ SE PODE REPETIR DÚAS VECES EN TODA A ESO.

### QUE MATERIAS CURSARÁS EN 3º DE ESO?

- **BIOLOXÍA E XEOLOXÍA**
- **XEOGRAFÍA E HISTORIA**
- **EDUCACIÓN FÍSICA**
- **EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL**
- **FÍSICA E QUIMICA**
- **LINGUA GALEGA E LITERATURA**
- **LINGUA CASTELÁ E LITERATURA**
- **PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)**
- **MATEMÁTICAS: ESCOLLES**  
Orientadas ás ensinanzas académicas (se no futuro pensas facer BAC)  
Ou orientadas ás ensinanzas aplicadas (se no futuro pensas facer FP)
- **MÚSICA**
- **TECNOLOXÍA**
- **RELIXIÓN ou VALORES ÉTICOS**
- **OPTATIVA (ELIXIR UNHA):**
  - o 2ª LINGUA ESTRANXEIRA (Francés).
  - o CULTURA CLÁSICA

Debes escoller a optativa en función dos teus intereses e a que che aporte máis na túa formación.

#### Cultura Clásica:



Esta materia ten un obxectivo básico: coñecer os aspectos máis relevantes das sociedades e as culturas de Grecia e Roma e descubrir desde o mundo de hoxe o fío que nos guía ata elas.

Os contidos distribúense en tres bloques:

Bloque 1, Grecia e Roma como civilizacións históricas singulares.

Bloque 2, As pegadas do mundo clásico.

Bloque 3 Nocións básicas de lingua e literatura gregas e latinas.

A aprendizaxe da materia ten un carácter práctico a través de exposicións, PowerPoints, documentais...

**QUE SE ESTUDA EN 4º DE ESO? ESCOLLERÁS ENTRE:**

Opción de ensinanzas académicas para a iniciación ao Bacharelato	Opción de ensinanzas aplicadas para a iniciación á Formación Profesional.
<b>Materias troncais</b>	
<p>a) Xeografía e Historia.                      b) Lingua Castelá e Literatura.                      Lingua e Lit. Galega.                      c) Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Académicas.                      d) Primeira Lingua Estranxeira.                      e) Elixir dúas materias de entre as seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1.º) Bioloxía e Xeoloxía.</li> <li>2.º) Economía.</li> <li>3.º) Física e Química.</li> <li>4.º) Latín.</li> </ol>	<p>a) Xeografía e Historia.                      b) Lingua Castelá e Literatura.                      Lingua e Lit. Galega.                      c) Matemáticas Orientadas ás Ensinanzas Aplicadas.                      d) Primeira Lingua Estranxeira.                      e) Elixir dúas materias destas:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1.º) Ciencias Aplicadas á Actividade Profesional.</li> <li>2.º) Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial.</li> <li>3.º) Tecnoloxía.</li> </ol>
<b>Materias específicas</b>	
<p>a) Educación Física.                      b) Relixión ou Valores Éticos.                      c) Dúas materias das seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1.º) Segunda Lingua Estranxeira. (Francés)</li> <li>2.º) Cultura Científica.</li> <li>3.º) Cultura Clásica.</li> <li>4.º) Educación Plástica, Visual e Audiovisual.</li> <li>5.º) Filosofía.</li> <li>6.º) Música.</li> <li>7.º) Tecnoloxías da Información e a Comunicación.</li> <li>8.º) Unha materia do bloque de materias troncais non cursada polo alumno ou alumna.</li> </ol>	

**Outra opción: FP BÁSICA**

**Finalidade da FP Básica:** Está dirixida a aquel alumnado que non rematou a ESO e quere mellorar a súa formación para acceder ao mundo laboral ou continuar no sistema educativo na Formación Profesional (facen un Ciclo Medio de FP unha vez superada a FP Básica).

**Duración:** 2.000 horas, equivalentes a dous cursos académicos a tempo completo.

**Que se estuda?**

- a) **Módulos profesionais** (ligados ao perfil que elixas: servizos comerciais, informática, electricidade e electrónica ...).

b) Outros módulos:

b.1) Módulo de **Comunicación e sociedade**: Lingua Galega, Lingua Castelá, Lingua Estranxeira e Ciencias Sociais

b.2) Módulo de **Ciencias aplicadas**: Matemáticas, Ciencias

c) Módulo de formación en centros de traballo.

**Requisitos xerais de acceso**

a) Facer 15 ou 16 anos no ano de inicio do ciclo formativo.

b) Ter cursado o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria ou, excepcionalmente, ter cursado o segundo curso.

c) Ser proposto/a polo equipo docente ao pai, á nai ou á persoa que teña a titoría legal para a incorporación a un ciclo de formación profesional básica.

Cumprirá, ademais, o consentimento do pai, da nai ou dos/das titores/as legais do alumno ou da alumna, para cursar estas ensinanzas.

**CONSELLO ORIENTADOR**

Ao final de cada un dos cursos de ESO entregárase aos pais, nais ou titores legais de cada alumno un consello orientador que incluírá unha proposta do itinerario máis adecuado a seguir. Se se considerase necesario, o consello orientador poderá incluír unha **recomendación sobre a incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR) ou a un ciclo de Formación Profesional Básica (FPB).**

